

## CASTELAO E O NACIONALISMO VASCO (1931-37)

XOSE ESTEVEZ  
Universidade de Deusto

### I. Limiar

Denantes do desenrolo do tema, obxeto da comunicación, coido que é moi conveniente inserir algunhas precisións que o encadren axeitadamente.

1ª.- Canea unha opinión xeralizada de que o Nacionalismo galego estivo moi vencellado teórica e practicamente ó paradigma modélico do Catalanismo. Si ben é certa esta afirmación, tampouco é unha falsedade declarar i espricitar os fortes vencellos entre os galeguistas e os nacionalistas vascos, pois non é cativa a cantidade deles que mantiveron contatos (mitins, adhesións, parrafeos, colabouras periódicas, etc.) e relacións políticas, que, inclusive, se traduciron en acordos firmados. Sen pretensións esgotadoras, adxunto unha curta tabela de galeguistas, achegados de diferentes xeitos, ó Nacionalismo vasco.

Antón Lousada Diéguez, que estudou na Universidade de Deusto, acadou unha fonda amizade con un nacionalista vasco: Irigoyen, mantida longos anos ó traveso dunha costante correspondencia, e amosóuse sempre como un aférramo euskerófilo, asegún o mesmo Vicente Risco asentaba (1).

Lois Peña Novo remesaba o 4 de Setembro de 1918 á Sociedade de Estudos Vascos un telegrama, en galego, de fervente noraboa en nome das Irmandades da Fala co gallo da celebración do 1º Congreso de Estudos Vascos, en Oñate (2).

Ramón Martínez López, como Segretario do Seminario de Estudos Galegos, mantiña correspondencia con Anxo de Apraiz, Segretario da Sociedade de Estudos Vascos. É merecente de suliñar unha carta do 21 de Maio de 1929 na que o Seminario fáise socio da Sociedade de Estudos Vascos, cunha cuota de 17 pesetas (3).

---

(1) Losada Diéguez, A., *Obra Completa*, Edicións Xerais de Galicia (ed. a cura de J.G. Beramendi), Vigo, 1985. Risco, V., *Mitteleuropa*, Ed. Galaxia, Vigo, 1985, p. 28. Carta de V. Risco a A. Losada Diéguez, 10-Marzal-1921. *Grial*, Outono-Decembro, 1984, Tomo XXII, p. 474. Durán, J.A., *Crónicas-3. Entre la mano negra y el Nacionalismo Galleguista*, Akal Editor, Madrid, 1981, pp. 263-303.

(2) Arquivo S.E.V., Sec. Correspondencia.

(3) Arquivo S.E.V., Sec. Correspondencia.

Federico Zamora e Alfredo Somoza, como representantes das Irmandades da Fala e Irmandade Nazionalista Galega, asinaron o pauto da Triple Alianza en Barcelona, o 11 de Setembro de 1923 (4).

Antón Villar Ponte, en nome da I.N.G., remesaba, en 1923, unha carta de sincero pesar á "Comunión Nacionalista Vasca", co gallo do pasamento de Luis de Eleizalde, importante ideólogo do Nacionalismo Vasco. Pero, ademais, o propio Villar Ponte colaborou con artigos no xornal nacionalista vasco, "El Día", de Donostia (5).

Eloy Luis André tamén remesou as súas sonadas: "Bases para la Constitución del Estado Federal Gallego", ó xornal nacionalista de Bilbao, "Euzkadi", que iste incluiu enteiras, comentándoas eloxiosamente (6).

Alvaro das Casas firmou o Pacto de Santiago de Compostela o 25 de Xullo de 1933, realizou o viaxe triangular a Euzkadi e Catalunya, como relatou na revista "Alento", e ata, dende Italia, enviou un artigo ó xornal, "El Día", encol da guerra de Abisinia (7).

Alexandre Bóveda, ademais de residir algún tempo en Euzkadi, selou tamén o pacto "Galeuzca" ou de Santiago de Compostela, intervindo activamente no viaxe triangular, como reflexa o seu diario (8).

Vicente Risco, máis catalánofilo que euskerófilo, non deixou de manter contatos e admirar ó Nacionalismo vasco. Así quedou consinado no "Mitteleuropa" e nas 99 colaboracións escritas no xornal nacionalista vasco "Euzkadi", dende o 4 de Abril de 1930 ó 13 de Marzal de 1936 (9).

Ramón Otero Pedrayo participou no mitin central do II Aberri Eguna, baixo o slogan "Euzkadi-Europa", celebrado en Donostia o 16 de Abril de 1933; na festa de Iñaki Deuna, en Bilbao, o 31 de Xullo de 1932 e 1933 e no viaxe triangular durante o traxecto bilbaino dese mesmo ano, deixando impresas as súas apreciacións encol do Nacionalismo vasco nun esbordante e abarrocado artigo do xornal, "Euzkadi" (10).

Xerardo Alvarez Gallego asistiu, en representación do P.G., a un homenaxe ós Diputados vascos. Iste realizouse co gallo da solidariedade dos devanditos deputados vascos hacia Catalunya, en Xuño de 1934, no asunto da Lei

---

(4) Estévez, X., Goñi, M., "Un Pacto Pre-Galeuzca no ano 1923", *Estudios de Historia Social*, Enero-Junio 1984, Nos. 28-29, pp. 439-446.

(5) A carta en: EUZKADI, 9-Agosto-1923. Os artigos en: EL DIA, 26-Dicembro-1934, e 10-Xullo-1935.

(6) EUZKADI, 21-Mayo-1931.

(7) O Pacto Galeuzca en: Granja, J.L., *Nacionalismo y II República en el País Vasco*, C.I.S., Madrid, 1986, pp. 362-363. O relato do viaxe triangular en "Diario dunha viaxe dos nazionalistas. Galeuzca (24 Xullo-12 Agosto 1933)", Alento, Nos. 1 y 2, Santiago, 1934.

(8) *A Nosa Terra*, "Castelao e Bóveda, Irmans!", Extra 5-6, Vigo, 1986, p. 122 e pp. 129-132. A firma do Pacto Galeuzca en Granja, J.L. *op. cit.*, pp. 362-363.

(9) Risco, V., *Mitteleuropa*, Ed. Galaxia, Vigo, 1984, pp. 26-38.

(10) As festas do II Aberri Eguna en EUZKADI y EL DIA, 16-abril-1933 e o artigo en: EUZKADI, 2-Agosto-1932: "Cuartillas de un observador. Una impresión de la fiesta de Iñaki Deuna".

de contratos de Cultivo. Pronunciou un mitin en Tolosa, unha conferencia en Donostia co título: "La hora de Galicia", e, con posterioridade, aparecerían catro colaboracións súas no xornal "El Día" (11). O curmán de Bóveda acudiu ó País Vasco na compañía de Enrique Peinador Liñes, o empresario de Mondariz a quen o ementado xornal nacionalista donostiarra o entrevistaría longamente (12).

Núñez Búa, a volta dunha viaxe por Europa, pronunciou un parrafeo o 16 de Agosto de 1934 sobre a cultura galega, no local, "Euzko Indarra", propiedade de "Acción Nacionalista Vasca", en Donostia. Solidarizouse, tamén, ca protesta, que estaban levando a cabo os Axuntamentos Vascos, no tocante o tema dos Concertos Económicos (13).

Valentín Paz Andrade foi o primeiro galeguista, que se desprazou a Donostia para pronunciar un longuísimoo parrafeo nos locais de "Euzko-Indarra", sobre a "Demanda autonomista de Galicia", convidado por A.N.V. A conferencia aparece íntegra nas páxinas de "El Día" (14).

Ramón Suárez Picallo estaba convidado para intervir nun mitin vasco-galego-catalán nos locais de "Euzko-Indarra", de Donostia, o 6 de Decembro de 1931. Non pudo estar presente, xa que polas mesmas datas celebrábase en Pontevedra a VIII Asamblea das Irmandades da Fala, da que xurdiría o Partido Galeguista. En 1933, emporiso, o xornal nacionalista bilbaino da serán, "La Tarde", consiñaba unha demorada e saborosa entrevista (15). Sospeito, tamén, que o pseudónimo, Fermín Altobizkar, que escribía en 1935 colaboracións no xornal, "El Día", as máis de tema galego, era un funcionario, orixinario da nación fisterral, aínda que destiñado en Euskadi (16).

2ª.- A biblioteca de Castelao deica o 18 de Xullo de 1936, que as tolemias do fado e os acontecementos da guerra "incivil" trasladaron as súas do Museo de Pontevedra, compoñíase (xunto cos engadidos de "Labor Galega") de 978 títulos, dos que 35 eran cataláns ou de tema catalán, e, mesmamente ningún vasco ou de tema vasco, a non ser que poida considerarse atal un de Mata Carriazo encol dos herexes de Durango (17). Por outra banda, unha lectura lixeira do "Sempre en Galiza" manifesta que Castelao posuía un coñecemento relativamente fondo da historia, da política e da cultura vascas (18). Asegún as nosas pescudas pódese

---

(11) O mitin, pronunciado o 15 de Xullo, aparece en EL DIA, 17-Julio-1934. A Conferencia do 17 en Donostia insírese en: EL DIA, 18-Xullo-1934 e as catro colaboracións en: EL DIA, de 1934, 1-Agosto, 24-Agosto, 16-Septiembre e 27-Septiembre DE 1934.

(12) EL DIA, 19-Julio-1934. Tamén os acompañou Ramón Martínez López, según A NOSA TERRA, 11-Agosto-1934 e 18-Agosto-1934.

(13) EL DIA, 18-Agosto-1934.

(14) EL DIA, 29-Septiembre-1934.

(15) LA TARDE, 3-Agosto-1933.

(16) EL DIA, 16-Marzo, 12-Junio, 28-Agosto, 7-Septiembre-1935.

(17) MUSEO DE PONTEVEDRA, "Lembranza de Castelao", Pontevedra, 1976, nº 757, p. 71.

(18) Castelao, *Sempre en Galiza*, Akal Editor, Madrid, 1977. Poden servir de mostra as súas apreciacións sobre: O Galeuzca (p. 89), o Carlismo e o Fuerismo (p. 192), o antimilitarismo vasco (p.

afirmar con xusteza que o "rianxeiro" leu dous libros vascos, aínda que xa no exilio bonaerense: "Inglaterra y los Vascos", de Manuel de Irujo, e "De Guernica a Nueva York pasando por Berlín", de José Antonio Aguirre (19). Con tan cativo bagaxe, dulo lle veu a Castelao a sabencia filo-euskadiana?. Coido que as conversas cos Diputados nacionalistas vascos -(continuas según declaración personal do ex-lehendakari Leizaola en entrevista sostida o 18 de Xullo de 1982)- durante as Cortes Constituintes (1931-33), os acordamentos galeuzcáns especialmente no ano 1933 e, sobre todo, a discusión do Estatuto Vasco na correspondente Comisión Parlamentaria, da que Castelao era membro desde o 17 de Abril de 1936, son os feitores que esprican ise coñecemento da temática vasca (20).

3ª.- Castelao conquirira xa certa sona en Euskadi polos seus dibuxos, a traxectoria nacionalista anterior, o cárrago de Diputado e a defensa do Estatuto Catalán en 1932 nas Cortes. Mais, penso que Vicente Risco, cas súas adoitadas colaboracións no xornal nacionalista bilbaino "Euzkadi", foi quen lle proporcinou a meirande popularidade ó "galego químicamente puro", pois non convén esquecer que nesta época a prensa, cáseque o único meio de comunicación, información e opinión, posufu un gran poder. Risco, dende Abril de 1930 deica Marzal de 1936, remesou 99 colaboracións ó devandito xornal (21). En 14 delas comentou con amplitude a laboura artística, literaria e política de Castelao, adicándole unha especial co título: "Galicia y Castelao", o 30 de Xuño de 1932. Somentes outras catro persoalidades galegas mereceron un artigo específico de Risco: Amor Ruibal (22), Salvador Cabeza de León (23), Valle Inclán (24) e Antón Villar Ponte (25).

Fica nidia, endalí, a relación entre un fato numeroso de galeguistas e as dúas correntes máis importantes do Nacionalismo Vasco: A.N.V. e P.N.V.

---

198), os vascos e a unidade española (p. 24), Centralismo, Democracia i Euskadi )p. 199), a diferencialidade e vontade política dos vascos, Euskadi e o seu resurdimento (p. 203), Euzkadi e a II República (pp. 206-306), Euzkadi e os territorios históricos (p. 223) etc. Ademáis, é sintomática que case sempre reivindique os dereitos nacionais de Euzkadi, Galicia e Catalunya conxuntamente e, finalmente o País Vasco, con diferentes nomes, aparece citado no *Sempre en Galiza* 197 veces.

(19) Carta de Castelao a Manuel de Irujo, datada en Buenos Aires, 15-Abril-1948 i entrevista de Victor Ruiz Añibarro a Castelao, en EUZKO-DEYA, 20-Novembro-1943. Amos dados en Anasagasti, I. cord., *Castelao y los Vascos*, Idatz-Ekintza, Bilbao, 1985, pp. 499 e 189.

(20) EL DIA, 18-Abril-1936 i entrevista con Manuel de Irujo, celebrada en Iruñea.

(21) Algunhas tamén adicadas a promover as relacións trinacionais. Así Risco, V., "La República en Galicia", EUZKADI, 9-Xullo-1931, e "Comentarios al viaje triangular", EUZKADI, 31-Agosto-1933.

(22) EUZKADI, 13-Novembro-1930.

(23) EUZKADI, 6-Junio-1934.

(24) "Valle Inclán y Galicia", EUZKADI, 28-Julio-1935.

(25) EUZKADI, 13-Marzo-1936 (foi a derradeira colaboración do ourensán).

## II. Biennio: 1931-32: Tentames Pactistas

Perante iste biennio inicial da República desfilaron achegamentos, chamamentos e tenci3ns para acadar frontes, pactos ou alianzas. Nelas compartillaron as diferentes forzas pol3ticas, sobor todo nacionalistas, das tres nacionalidades hist3ricas ou algunhas persoalidades pertencentes a elas. Ainda que non constatamos o protagonismo de Castelao nesta rolda contatual, emporiso compre un cimeiro an3lise distes antecedentes, xa que logo supo3nen os alicerces arrequentantes ou apousantes dos posteriores acaroamentos.

As nosas esculcas na prensa da 3poca e nos arquivos proporcion3ronnos informaci3n encol de chamamentos ou achegamentos moi puntuais, que non se viron coroados polo 3xito nin en 1931 nin en 1932.

En Xaneiro de 1931 Federico Zabala apoia, nunha colaboraci3n na prensa catalana e vasca, a formaci3n, nas futuras Cortes, dun bloco autonomista para arrincar do centralismo os meirandes cumios de concesions auton3micas (26).

Ergori3o, despois da alporizante ledicia producida polo xurdimento de r3xime republic3n, dirixentes do P.N.V. e A.N.V. chamar3n insistentemente 3s portas da Generalitat e do President Maci3 na percura de axuda para as recramaci3ns vascas. Entre Abril e Xullo t3daldas petici3ns vascas, baseadas nunha "falsa analox3a entre Catalunya i Euskadi", como ben din os profesores Sall3s e Ucelay da Cal, son respostadas con fredo e p3paro agradecemento polo "Avi", que non estaba disposto a perder o terreo conquerido no amencer republic3n por mor dun desmando de solidaridade (27).

No meio desta fervenza, o grupo "Nosaltes Sols", arredado de Maci3, e independentista radical, remesaba unha carta a Eguilleor, dirixente peneuvista e firmante da "Triple Alianza" do 11 de Setembro de 1923 en Barcelona, na que o encirraba para rexurdir a devandita "Triple Alianza". Non houbo resposta (28).

Celebradas as eleci3ns a Cortes Constituintes o 28 de Xu3o de 1931, Risco, pola banda galeguista, e a minor3a vasca, propo33an 3 Esquerza Republicana de Catalunya a formaci3n no Parlamento dun "Fronte Autonomista" para acadar unha Rep3blica Federal (29). Ainda que a ERC mostrouse, en principio,

---

(26) Zabala, Federico (de), "Los Vascos. Nuestra actitud y la adherencia de otras personalidades ib3ricas", EUZKADI, 18-Enero-1931.

(27) Sall3s, A. e Ucelay da Cal, E., "L'Analog3a falsa: El Nacionalismo basco devant la Rep3blica Catalana y la Generalitat Provisional. Abril-Julio del 1931", en *Industrializaci3n y Nacionalismo. An3lisis comparativos*, I Coloquio Vasco-Catal3n de Historia, Universitat Aut3noma de Barcelona, Bellaterra, 1985, pp. 443-470, sobre todo pp. 459-469. Granja, J.L., *Nacionalismo y II Rep3blica en el Pa3s Vasco*, C.I.S., Madrid, 1986, pp. 133-135 y 230-231. Leizaola, Jemein, Kareaga, *El Nacionalismo entre dos Dictaduras, 1930-1937*, Ediciones Alderidi, Bilbao, p. 37.

(28) Carta firmada por E. Dalmau a M. Eguilleor, 23-Mayo-1931, A.S., Guerra Civil, P.S., Bilbao, leg. 194.

(29) Risco, V., "La Rep3blica en Galicia", EUZKADI, 9-Julio-1931. O chamamento da Minor3a Vasca en EL DIA, 16-Julio-1931.

favorable, os debates encol da cuestión relixiosa non fixeron facedeiro o acordo, en virtude das posicións tan antagónicas encol do problema relixioso do P.N.V. e da ERC (30).

A friaxe das relacións entre o P.N.V. i ERC obrigou ó primeiro a percurar outros camiños, entabando contatos ca Lliga a finais de 1931. Cambó resposta positivamente, aínda que ca sotileza dun vello raposo da política. Porén, a febleza da representación lligueira nas Cortes (catro Diputados) non podía conquirer resultados efektivs (31).

En 1932 voltarán a escea reincidentes chamamentos, nos que a recién fundada Unión Democrática de Catalunya terá un forte protagonismo.

Jordi Carbonell, da devandita UDC, escomenzará a rolda en Febreiro (32) e voltarán a insitir outros dirixentes do mesmo partido como Jover y Nunell, Roca Caball (33) e tamén Carrasco i Formiguera (34). No mesmo Xullo multiplicáranse os chamados: Esteban de Isusi, do PNV (35), Lluís Jordá, periodista catalán adoitado colaborador do xornal nacionalista bilbaino "Euzkadi" (36), o galeguista Otero Pedrayo na festa do Iñaki Deuna (37), o fato "Nosaltres Sols" (que asegundaba un chamamento de Abril) (38). Ademáis, había conversas entre a minoría vasca e os galegos para artellar un frente autonomista (39), e xuntanzas en Barcelona, entre varias entidades, para organizar un "Congreso de Nacionalidade hispánicas", que se ameixoaría periódicamente (40). A derradeira chamada do ano para rexurdir a "Triple Alianza", guindouna o Segretario da organización patriótica, "Palestra", Batista i Roca (41).

Tampouco en 1932 se ouserva a presenza de Castelao nistes chamamentos ou contatos; mais xa aparece xunguido a Catalunya, na campaña de Aguirre, pola

---

(30) O fracaso pola cusión relixiosa en Kizkitza (seudónimo do ideólogo peneuvista Engracio de Aranzadi): "Galicia, Cataluña, Euzkadi", EUZKADI, 25-Setembro-1931. Tamén unhas declaracións de J.A. Aguirre en Barcelona, recollidas en EUZKADI i EL DIA, 4-Noviembre-1931.

(31) Arbeloa, V.M., "Correspondencia inédita. José Antonio Aguirre y Francisco Cambó (1931-1935)", GAIK, 1977, nº 3, pp. 353-383. Sallés, A. de Ucelay da Cal, E., "La correspondencia Aguirre-Cambó. 1931-1936", en *Industrialización y Nacionalismo*, op. cit., pp. 471-578. Gutiérrez Álvarez, S., "El conflicto con los ayuntamientos vascos y la Revolución de Octubre de 1934", *Estudios de Historia Contemporánea*, Homenaje a D. Jesús Pabón, III, pp. 515-545.

(32) EL MATI, 7-Febrer-1932.

(33) EL MATI, 10-Julio-1932 i EUZKADI, 17-Julio-1932.

(34) EL DIA, 29-Julio-1932, p. 3.

(35) EL MATI, 10-Julio-1932 i EUZKADI, 17-Julio-1932.

(36) EUZKADI, 20-Julio y 10-Agosto-1932.

(37) EL MATI i EUZKADI, 2-Agosto-1932.

(38) EUZKADI, 1-Abril e 10-Julio-1932.

(39) EL DIA, 9-Julio-1932.

(40) EIZKADI, 10-Julio-1932.

(41) EUZKADI, 6-Noviembre e 3-Diciembre-1932.

defensa que fixeron no Parlamento do Estatuto de Catalunya (42), que tería o achádego agasallante dun homenaxe a Castelao e Otero Pedrayo en Barcelona, en Xullo (43).

### III. 1933: O Galeuzca

Os profesores Vilas Nogueira, Alfonso Bozzo, Xavier Castro, José Manuel Castells e Granja xa analizaron a traxectoria dos Estatutos de Autonomía de Galicia i Euskadi perante a II República (44). Todos eles acadran en sinalar que en 1933, por mor de varias causas que niste intre non ten obxecto esmigallar, os Estatutos de Galicia i Euskadi achábanse nunha coxuntura de "acougo letárxico". Por outra banda, o proceso de transferencias a Catalunya camiñaba canseiramente, según Cucurull (45). A coxuntura, polo tanto, era nidiamente favorable para que o chamamento, feito por A.N.V., de celebrar un mitin conxunto, A.N.V.-E.R.C.-P.G., atópase resoancia entre o galeguismo e o catalanismo esquerrista, (aínda que con iste os anevistas xa mantiñan relacións dende comenzos da República como xa a advertimos, mais non tan estreitas co Partido Galeguista). O mitin celebrouse no frontón Euskalduna, de Bilbao, ca participación dos dirixentes anevistas: Basterra, Arrien (46) e Urrengoetxea, de Riera i Puntí, Diputado da Esquerza Republicana de Cataluña, e Castelao, Diputado polo Partido Galeguista (47). Iste é o primeiro fito da relación entre Castelao e o Nacionalismo vasco. Non debe esquecerse que foi ó traveso de A.N.V., forza nacionalista vasca monoritaria, pero aconfesional, liberal, democrática e republicana. O xornal anevista, "Tierra Vasca", inseriu enteiramente os discursos dos cinco persoeiros, sobranceando os de Castelao, de

---

(42) A intervención de Castelao produciuse o 12 de Maio. Vid. García X.L., *Castelao, Otero Pedrayo, Suárez Picallo, Villar Ponte. Discursos parlamentarios (1931-1933)*, Edicións do Castro, Sada-A Coruña, 1978, pp. 36-43. A defensa de José Antonio Aguirre tivo lugar o 27 de Maio. Vid. Aguirre y Lecube, J.A., *Obras Completas*, Ed. Senda, Donostia, 1981, Tomo I, pp. 83-86.

(43) EL MATI adicoulle un ampro espazo os días 10, 16, 17, 19, 20, 21, 23 y 24-Julio-1932.

(44) Vilas Nogueira, X., *O Estatuto Galego*, Edicións do Rucio, A Coruña, 1978. Alfonso Bozzo, A., *Los Partidos Políticos y la Autonomía en Galicia, 1930-36*, Akal Editor, Madrid, 1976. Castro, X., *O Galeguismo na encrucillada republicana*, Publicacións da Deputación de Ourense, Dous Vols., 1985. Castells, J.M., *El Estatuto Vasco. El Estado Regional y el proceso estatutario vasco*, L. Haranburu Editor, San Sebastián, 1976. Granja, J.L., *El Nacionalismo y la II República en el País Vasco*, C.I.S., Madrid, 1986.

(45) Cucurull, F., *Catalunya, Republicana i Autónoma (1931-1936)*, Edicións de la Magnana-Institut Municipal d'Historia, Barcelona, 1984, p. 107.

(46) Arrien xunto con Leizaola estiveron como ouservadores da Comunión Nacionalista Vasca nas conversas da Triple Alianza do 11 de Setembro de 1923, aínda que non a firmaron. Vid. Estévez, X. e Goñi, M., *op. cit.*

(47) Tiramós o relato de *Tierra Vasca*, 4-Abril-1933.

ton épico-lírico encol da cultura galega, e o de Riera i Puntí. Castelao rematou a sua prédica con istas verbas:

"Tened la seguridad de que cuando vuelva a mi verde tierra gallega he de decirles a todos aquellos muchachos que nos siguen, cuál es vuestro fervor nacionalista, para que les sirva de ejemplo y de estímulo, y tened la seguridad de que en todo tiempo, sea como sea, cuanto más adversas sean las circunstancias, tendreis toda nuestra simpatía y todo nuestro apoyo, si es que podemos serviros de algo a todos nuestros amigos amigos".

Non é necesario sinalar que Castelao ofreceu apoio a "todos los amigos vascos", sen escrusivismos, lanzando unha corda indirecta para acoller ós peneuvistas. Ese mesmo día Castelao delou o albor do libro de ouro da Casa de Galicia, en Bilbao, con estes sintagmas:

*Sempre, namentras viva, recordarei o día don  
de abril do ano 1933, parado entre vascos, cataláns e galegos  
para demostrar que os nosos anseios de liberdade non serán con  
patibles co-a uniformidade, pero si <sup>es-a</sup> unidade ibérica, que é o  
soño dos homes que miran o futuro. Sempre me lembrarei da  
Casa de Galicia, onde atopei feitos irmáns dos meus*

Alfonso R. Castelao

(48) (Doc. 1)

O Diputado da Esquerra, no seu discurso, proqramou un chamamento á formación dun bloco das tres nacionalidades, ben acollido polos presentes. A proposta do catalán concreouse na firma no álbum da Casa de Xuntas de Gernika, a serán do 2 de Abril, o que o Profesor Granja nomea: "Pacto de Gernika":

"Identificados Vascos, Catalanes y Gallegos ante el problema de liberación de nuestros respectivos pueblos, sellamos hoy, bajo el árbol de Gernika, el pacto de mutua solidaridad que ha de traernos la satisfacción de aquel anhelo. Gernika, 2 de Abril de 1933. ¡Gora Euskadi

---

(48) Libro de Ouro da Casa de Galicia, de Bilbao, c/ Jardines, 7, s/p.

azkatuta! ¡Viva Galicia ceide! (sic) ¡Visca Catalunya lliure! Seijo tar'Gabin, Alfonso R. Castelao, Dr. J. Riera Puntí". (49) (Doc. 2).

Iste pacto pode calificarse como un craro precedente do "Pacto de Compostela" ou "Galeuzca", do 25 de Xullo dese mesmo ano.

Os dereitivos anevuistas, porén, decátanse que iste acordo nascía coxo, pois non interviña a forza nacionalista maioritaria en Euskadi: o P.N.V. Convidan ós "jelkides", que asumen o proxecto "Galeuzka":

"La organización del P.N.V. y la nuestra, Acción Nacionalista Vasca, se hallan conformes con la idea de la Triple. Podemos asegurar, además, la adhesión para caso necesario de la organización societaria más fuerte del País, Solidaridad de trabajadores Vascos, que cuenta con más de 50.000 afiliados". (50)

Pretendíase, polo tanto, o rexurdimento da Triple Alianza de 1923, roborada polo apoio do sindicato obreiro nacionalista.

O cinco de Abril, Telesforo de Monzón, Presidente do GBB, viaxa a Barcelona, pronuncia dous parrafeos, un en "Palestra" e outro nos locais da UDC, e conversa encol dista leria con Batista i Roca (51). Novamente Monzón, na compañía de Teodoro Hernandorena, viaxa a Barcelona o 7 de Maio e fala con diferenes persoeiros cataláns, entre iles co devandito Batista Roca, Segredario da organización xuvenil patriótica "Palestra" (52). Mesmamente, nesta conversa dilixenciouse o viaxe triangular e a tecedura do "Galeuzca" (-nome apricada nesa coxuntura-) (53), según afirma Alvaro das Casas:

"A idea xurdiu en Barcelona nunha conversa sua (de Batista i Roca) con Monzón (siñificado nazonalista basco); meditouse no percorrer da viaxe dos ouservadores cataláns por Euzkadi; foi estudada por Palestra e consultada con algúns polítecicos cataláns (teño a certeza de que o foi con Maciá e Cambó). (54)

Do 26 ó 31 de Maio a mencionada comisión de ouservadores cataláns, composta por persoeiros de diferentes tendenzas nacionalistas catalanas, como Carrasco i Formiguera, de UDC, Rossel i Vilar, de ERC, Roig i Llop, Pau Vila, de ARC, e outros, visitou Euskadi, rematando definitivamente apontoado o viaxe triangular e máis o "Galeuzca" (55). Mais nestas andainas primaverais, A.N.V., fora desprazada do tema, a pesares de que seguía interesada nil, como amosa unha cumprida carta do seu Comité Nacional, con data do 15 de Xuño, á Ventura Gassol, Puig i Ferrater e Riera i Puntí, donde reafirmaban o xurdimento da idea galeuzcana nunha xuntanza de Gernika, o 2 de Abril:

---

(49) Granja, J.L., *op. cit.*, p. 359, e *Tierra Vasca*, 4-Abril-1933.

(50) Granja, J.L., *op. cit.*, p. 360 e Castro, X., *op. cit.*, p. 946.

(51) EUZKADI, 11-Abril-1933.

(52) EL MATI, 7-8 de Maio-1933 e EUZKADI 13 y 14 de Mayo-1933.

(53) EUZKADI, 13-Mayo-1933.

(54) Das Casas, Alvaro, "Diario de unha viaxe de nazonalistas. Galeuzca", ALENTO, Nos. 1-2, 1934, p. 20.

(55) EL MATI, 27-Maio a 6-Juny de 1933 i EUZKADI 27-Mayo a 2-Junio de 1933.

"Celebramos una conservación en Guernica, con el Sr. Riera i Puntí y el Sr. Castelao, quedando acordés que había que hacer algo práctico". (56)

Emporiso, A.N.V. non iniciará a viaxe triangular en Xullo.

Castelao participa, xunto con Blanco Amor e Suárez Picallo, nos mítins do 25 de Xullo diante o moimento a Rosalía en Santiago, nos que tamén falarán líderes cataláns e vascos (57), pero non nas parolas e no selo do "Pacto de Santiago de Compostela", coñecido popularmente como "Galeuzca", que se artellou nos locais do Seminario de Estudos Galegos, donde intervirán Alvaro das Casas e Alexandre Bóveda. Os firmantes do Pacto foron:

- Por Galicia: Alvaro das Casas, de Ultreya, e Alexandre Bóveda, polo P.G.
- Por Euskadi: Doxandabaratx'tar Josu (do EBB), Errezola'tar Joseba (do EBB), Isusi'tar Estepan (do EBB) e Irujo'tar Imanol (do NBB).
- Por Catalunya: Joan Batista i Roca (de Palestra), Joseph Girona (de Palestra), Pau Vila (d'Acció Catalana Republicana), Joseph Pich Salario (de UDC) e Pau Muñoz Castanyer (de UDC). (58)

A imprensa remitiuse iste nota oficiosa:

"En Compostela se han reunido representantes nacionalistas vascos, catalanes y gallegos al objeto de constituir un organismo que coordine con carácter permanente las actividades patrióticas de las tres nacionalidades.

En esta reunión se acordó la creación de un Secretario que funcionara en cada uno de los tres países, y la celebración de una conferencia, que se reunirá en Euzkadi en la primera quincena de Octubre". (59)

En Bilbao, o 30 de Xullo, engadíronse duas novas precisións e a firma de tres novas forzas políticas: a Lliga Catalana, por meio de Joan Estelrich; Esquerra Republicana de Catalunya, na pruma de Josep Riera i Puntí, e A.N.V., mediante Andrés Perea, sinando tamén Manuel Carrasco i Formiguera, da UDC, aínda que esta forza xa selara o pacto en Compostela (60).

Castelao non viaxará a Euskadi, mais sí Alvaro das Casas, a quen se lle xuntará o 31 en Bilbao Otero Pedrayo, precedente de Donostia. Das Casas quéixase das ausenzas de Castelao e Suárez Picallo:

---

(56) Archivo Guerra Civil, Salamanca, leg. 195, carta del Comité Nacional de A.N.V. a Ventura Gassol, Joan Puig y Ferrater y Joseph Riera i Puntí, 14-Junio, 1933. Tamén nas obras nomeadas de Granja, J.L. y Castro, X.

(57) EL PUEBLO GALLEGO, 27-Julio-1933, e un relato cáseque telegráfico, dos actos da viaxe no diario de A. Bóveda, A NOSA TERRA, Extra 5-6, pp. 129-132.

(58) O texto do pacto, atopado no Arquivo Goñi, da Universidade de Reno. U.S.A., foi publicado recentemente en Granja, J.L., *op. cit.*, pp. 363-364.

(59) EL PUEBLO GALLEGO, EUZKADI i EL DIA, 27-Julio-1933.

(60) Revista adiada, ALENTO, p. 31.

"Por qué non viñeron connigo na viaxe, Castelao e Suárez Picallo? Aínda hoxe non o sei. Penso que o Partido Galeguista non se diu conta da trascendencia desta viaxe". (61)

Emporiso, Castelao e Otero Pedrayo (que ficara en Donostia), acudirán a Barcelona os días 10 e 5 de Agosto respectivamente, participando ata o día 12 nunha morea de actos (62). "Tierra Vasca", voceiro dos Aneuvistas publicará o día 13 unha ricaz entrevista co esgrevio rianxeiro (63).

Castelao remesaría á Bóveda, Segretario do P.G., unha longaz epístola onde espón miúdamente as conversas con Maciá e Cambó, as variadas aguzas e a súa intervención no Galeuzca (64). Por ista carta podemos tirar as seguintes concrusións e piqueres da súa viaxe a Barcelona:

1ª.- Ser corresponsable do Galeuzca e percurar mantelo: "Para compartir a responsabilidade de canto alí pasase ou de amainar a fogaxe que poidera derrubar a orgaización de Galeuzca".

2ª.- Urxir a necesidade de presentar os Estatutos vasco e galego, denantes de finar as Cortes; xa que logo "os tres Estatutos darían unha forza a Galeuzca que serviría para ir de contado a estrutura federal e a imposibilidade de que poida establecerse unha probable Dictadura".

3ª.- Percurar o ingreso de Galiza na Sociedade de Nacións.

4ª.- Soavizar a lingoaxe dos vascos, xa que algunhas intervencións de Irujo enxergaron polémica entre os cataláns.

5ª.- Troca-la táctica: "predicar a unión dos cataláns..." e "...recoller as esenciais da República deixadas na rúa polos republicanos españois".

6ª.- Interpelación ó Goberno por parte dos deputados de Galeuzca para que "se conceda a Galicia i Euzkadi o decreto de bilinguismo, concedido anteriormente ós cataláns".

Castelao, inclusive, como comenta na devandita carta, participou, activamente na redacción da nota final da viaxe, que se remesou a prensa: "os dous derradeiros párrafos son meus (é miña a idea)". Neles, mesmamene, se recollen os principios de solidariedade contra o asimilismo, liberdade, democracia, respecto os dereitos nacionais das tres nacionalidades como baseamentos para a permanecemento da República contra a subversión e para o estabrecemento dun

---

(61) *Ibid.*

(62) LA PUBLICITAT, EL MATI, 5 al 14 de Agost de 1933. Das Casas, *op. cit.*, p. 104.

(63) TIERRA VASCA, 13-Agosto-1933.

(64) Carta de Castelao a Bóveda, Madrid, 14 de Agosto de 1933, en Castro, X., *op. cit.*, pp. 926-931.

novo orde de relacións entre os pobos peninsulares e o Galeuzca como esforzo para rexurdir "L'autentic esperit originari de la República". (65)

Castelao, namentras interviña activamente no Galeuzca en Agosto e asenllaba xurdiamente a súa meirande afeizón; tentaba, un mes máis tarde, compretar a estratexia mediante o establecemento doutro fronte pactista: un convenio cos Federais. Castelao deña que ista avenenza "non ten nada que ver con Galeuzca", mais a realidade é que ámbolos dous estaban estratéxicamente xunguidos, pois supoñían un verdadeiro asedio entre dous fogos contra centralismo, como o mesmo rianxeiro asinala no devandito informe (firmado o 13 de Setembro en Pontevedra):

"O que máis preocupa arestora ós federales é a formación dun bloque de deputados autonomistas ou mellor de Partidos, que poida contrarrestar a forza dos centralistas".

Castelao enumeraba as ventaxes deste avimento, que aínda que "se lle poida criticar por ingresar nun grupo de carater nacional", "iso non é un Partido senón unha minoría parlamentaria feita con deputados de ideoloxía afín que ademáis respetan en absoluto a nosa ideoloxía particular". O grupo chamaríase "Federación Republicán Autonomista", tal como aparece nas xa lembradas bases para un posibre convenio, remesadas polo propio Castelao a Bóveda (66).

En resume, Castelao tentaba sumar esforzos contra o centralismo mediante o artellamento de dous blocos: un periférico e nacionalista: o Galeuzca; compretado por outro parlamentario-federal, amos estratéxicamente xunguidos cara un ouxetivo: derrubar o centralismo na percura do primixenio federalismo republicán.

O convenio cos federais non se executou entre outras razóns, pola oposición de Bóveda que coidaba contiña unha "fusión parlamentaria", "a ineficacia dos Partidos", "a prevalencia dos federais", "a renuncia da vida do partido en Galicia e a súa desnaturalización" (67).

Tamén o Galeuzca tiña dificultades para o seu funcionamento, que paseniñamente provocarían o esmorecemento.

Xa en Barcelona aproveitaron os primeiros atrancos. Unhas verbas do vasco Irujo, enzorzadas dunha forte cárrega acusatoria contra a República, enveredaron unha rexa resposta do seitor republicano da Esquerra a traveso do seu voceiro, o xornal "L'Opinió" (68). Castelao na ementada carta a Bóveda aludirá a ista custión. Na Lliga producíase unha partilla entre Estelrich, sinante do pacto en Bilbao, "partidario de que Galeuzca es de necesidad apremiante" (69) e Cambó, soio favorable a "una inteligencia circunstancial y no a pactos

---

(65) LA PUBLICITAT i EL MATI, 12-Agost-1933.

(66) "Informe encol do posible convenio cos federales", Pontevedra, 13-Setembro-1933, Castelao. Castro, X., *op. cit.*, pp. 907-909.

(67) Castro, X., Tese de doutoramento, docs. inéditos nº 86.

(68) L'OPINIO, *Contra el Confusionisme*, 11-Agost-1933, *Qué es el Pacte de Compostela?*, 13-Agost-1933.

(69) A.G.C., Salamanca, Rapport de J.A. de Aguirre, Bilbao, Leg. 215.

permanentes" (70). O mesmo Batista i Roca, programador da viaxe triangular e fervente galeuzcano nos intres iniciais, xulgaba que "Quizá se haya ido más allá de lo que en un principio se suponía, razón por la que algunos partidos no ratificaban el pacto, estando, sin embargo, todos conformes". (71)

A estes feitores internos amecéronse outros de xorne externo. En Setembro producíase o tomo do Goberno Azaña. O "impasse" político subsiguiente, a necesidade de remodelar as tácticas e o preparamento das eleccións convertíanse en ouxetivos prioritarios. O nacionalismo vasco tiña que centrar todo o seu esforzo na campaña pro plebiscito estatutario, que se fa a celebrar a comezos de Novembro. Finalmente, o trunfo dereitista nas eleccións do 19 de Novembro e o abaxoante fracaso do P.G. trocou radicalmente a paisaxe política xeral. Inclusive, algunha forza política como o P.N.V. percurará unha alianza bilateral ca Lliga como pon en evidencia unha carta de Aguirre a Cambó (72).

De tódolos xeitos, Irujo en data tan temporá como o 26 de Setembro, en informe remesado ó EBB, queixábase acedamente de que os representantes do P.N.V. non acudiran a Xenevra, polo que se incumpriña o acordo de Compostela:

"Hemos perdido toda fuerza moral para recordar a nadie la necesidad de ratificar el tratado de Compostela, cuando nosotros hemos dejado incumplido el acuerdo de ir a Ginebra a legalizarlo". (73)

"Tierra Vasca", voceiro de A.N.V., en data posterior ás eleccións xerais de Novembro, tamén se preguntaba sobre o encoramento do Galeuzca a petarriba na apremente necesidade de revitalizalo (74).

O certo é que a conferencia, programada para a primeira metade de Outubro en Bilbao, non se celebrou. O pacto somentes foi ratificado polas seguintes forzas: Unión Democrática de Catalunya, Partido Nacionalista Vasco, Ultreya e Partido Galeguista (75). Emporiso, non pode asmarse que o Galeuzca se saldase con unha rotunda creba. Na coxuntura outonal de 1933 podemos referir dúas actuacións frutuosas, promanantes do Galeuzca. A campaña do P.G. entre os emigrantes galegos de Euskadi a prol do Estatuto vasco e asíñ aparece nun comunicado, en idioma galego, inserido no xornal donostiarra, "El Día", o que pertence iste anaco:

---

(70) *Ibid.*

(71) *Ibid.*

(72) Aguirre y Lekube, J.A., *Entre la libertad y la Revolución. 1930-1935*, Ed. Geu, Bilbao, 1976, pp. 414-415. Arbeloa, Víctor Manuel, "Correspondencia entre José Antonio Aguirre y Francisco Cambó (1931-1935)", Revista GAIK, nº 3, p. 373. Salles, Anna y Ucelay da Cal, Enric, "La correspondencia Aguirre-Cambó, 1931-1936", Carta nº 8, I Coloquio Vasco-Catalán de Historia, Sitges, 1982.

(73) Informe de Manuel de Irujo al EBB, Lizarra-Estella, 26-Septiembre de 1933, Archivo Irujo, C-46.

(74) TIERRA VASCA: "En torno a Galeuzca", 23-Noviembre-1933.

(75) Castro, X., tese de doutoramento, docs. inéditos, nºs. 72, 73 e 74. Según TIERRA VASCA, 23-Noviembre-1933, tamén o ratificaron ERC, ACR e A LLIGA.

"Galicia nai garimosa cuia lembranza levades nos ollos e no espírito, namentras agarda cobizosa a hora da súa propia liberdade, pídevos afervoadamente, que axudedes a Euzkadi a conquistar a súa.

ivotade todos o estatuto euzkadi!

Irmáns no espírito! Como si da nosa Galiza se tratase, procurade todo o voso esforzo pra a Patria irmán." (76)

Ca presenza dos representantes cataláns, Galicia acadou o ingreso no congreso de Nacionalidades Europeas o 22 de Setembro de 1933, feito saudado con centilante ledicia polo representante do P.G. Plácido R. Castro, que estivo presente en Xenevra (77).

#### IV. 1934-1935: Novos tentames

O concepto deste biennio foi amoreando cotas cada volta máis desdoadas para as arelas autonómicas. Facianas importantes dista emposta son: a ausencia de representación galeguista nas Cortes, o entalo do Estatuto Galego, e o torpedeamento do Estatuto Vasco na correspondente Comisión parlamentaria.

Ademáis, entre Xuño-Outubro de 1934, producíronse unha riola de acontecementos, que cáseque artellaron a división do Estado en dous blocos afrontados: a periferia vasco-catalana (con apoio testemuñal galeguista) contra o Goberno Central, integrado pola conxunción radical-cedista. Fitos coñecidos dista crecente tensión foron:

1º.- A cuestión da lei de contratos de cultivo, aprobada polo Parlamento Catalán, declarada inconstitucional polo Tribunal de Garantías Constitucionais, feito que provoca o retiramento dos deputados da Esquerra i en solidariedade con eles e con Catalunya (como insistiu Aguirre) dos deputados nacionalistas vascos o 12 de Xuño de 1934.

2º.- No vran o estatuto do viño, que cerceaba o teor do Concerto Económico, comprícase con outras custións, como a falla de representatividade concelleira, e orixina unha auténtica revolta dos Concellos Vascos, que acima na Xuntanza de Axuntamentos de Zumárraga o 2 de Setembro.

3º.- A comenzos e Outubro a Revolución estala en Catalunya, Asturias, i en menor mena en Euskadi. A represión, o apresamento do Goberno autónomo Catalán e a suspensión do seu Estatuto foron secuencias que esmacelaron o réxime republicano i enforteceron o sotarrego unitarismo.

Apesares deste enfesto ensexo, Castelao retomou a xeira dos testames proaliñancistas. En Febreiro de 1934 asinaba como Segretario Político do Partido

---

(76) EL DIA, 1-Noviembre-1933, p. 2.

(77) Periódico GALICIA, de Buenos Aires, 29-October-1933, p. 3. "Congreso de Nacionalidades europeas", A NOSA TERRA, 9-Outono-1933, p. 2.

Galeguista unha nota tíduada: "A colaboración do Partido Galeguista cos demais Partidos Republicanos e autonomistas de Galicia". Nela o Comité Executivo do P.G., na áxil pruma de Castelao, e seguindo os acordos da III Asambreia do Partido, encoraxaba á unión cas forzas republicanas galegas, que concordasen nestes tres puntos: Autodeterminazón político-administrativa de Galiza, republicanización de Galiza e diñificación da súa vida política (78). Velahí un primeiro fronte aliancista dentro da mesma Galiza.

O retiramento das Cortes polos Diputados Vascos o 12 de Xuño de 1934 en solidariedade con Catalunya no asunto da Lei de Contratos de Cultivo atrica a cerqueira confesa solidaria do P.G., que envía ó EBB o seguinte telegrama:

"Partido Galeguista felicita nacionalistas vascos actitud Diputados Esquerria Catalana lamentando que por usurpación electoral auténtica non poidexe (sic) ergir (sic) a súa voz de protesta no Parlamento de Madrid".

A resposta do P.N.V. contiña estes termos:

"P.N.V. agradece vivamente delicadeza nacionalistas gallegos genuinos representantes noble Pueblo Galicia al enviarnos adhesión proceder Cortes Españolas nuestros Diputados, solidarizándose defensa libertad Cataluña. Nacionalismo vasco, consecuente con su política defenderá derechos nacionales pueblos peninsulares mismo tesón y entusiasmo actitudes Poderes Madrid contra libertades Galicia". (79)

Nesta xeira solidaria non se apreza un protagonismo externo de Castelao, pero a súa presenza pregoábase na prensa nacionalista vasca para un homenaxe ós Diputados nacionalistas vascos, co gallo da súa actitude solidaria procatalana, que se ía a celebrar o 15 de Xullo en Tolosa. No acto trinacionalitario intervirían: Carlos Linazasoro ("Altzueta"), Manuel Carrasco i Formiguera, José Antonio Aguirre e Castelao (80). O rianxeiro substituíuse á última hora por Xerardo Alvarez Gallego, descoñecendo a razón de tal feito. Mais Castelao pronunciaba o día anterior, 14 de Xullo, nun mitin en Ourense as seguintes verbas:

"Si houbese algún diputado (galeguista) no Parlamento, levantaríase cos vascos para solidarizarse con Catalunya". (81)

O homenaxe en Tolosa festexouse ca presenza de Alvarez Gallego. Cabidábase para o 18 en Donostia a celebración de "un mitin de Galeuzca", con "Xerardo Alvarez Gallego, Roca Cabell (sic) y por Euzkadi sin designar" (82);

---

(78) A NOSA TERRA, 17-Febreiro-1934.

(79) O telegrama do P.G. e a resposta do P.N.V. nos xornais EUZKADI i EL DIA, 14 de Junio de 1934. O telegrama do P.G., sen trabucamentos, en A NOSA TERRA, 16-Xuño-1934.

(80) EUZKADI i EL DIA, 2 al 17 de Julio de 1934.

(81) García, Xosé Lois, *Castelao i Catalunya*, Ed. Alvarellos, Lugo, 1979, p. 38.

(82) EL DIA, 18-Julio-1934.

mais suspendeuse "por indisposición de un orador y el otro tener que salir precipitadamente para su tierra". (83)

O levantamento dos Concellos vascos nos meses de Agosto e Setembro promoveron novamente a solidariedade do P.G., que avaluaba a actuación concelleira como "gran leición de patriotismo e cidadanía" (84). Tamén Del Riego, en nome da Federación de Mocidades Galeguistas, escribe unha fervente mensaxe de adhesión (85). O Segretario de relacións interrexionais, Plácido de Castro remesará ás autoridades do P.N.V. iste telegrama:

"Ruégole comunique Comités Ejecutivos Ayuntamientos su propósito de asistir a la Magna Asamblea proyectada para testimoniar su adhesión al civismo de Euskadi, en nombre de Galicia privada de libertad." (86)

O P.G. prometía para a Magna Asambreira de Axuntamentos Vascos a celebrar o 2 de Setembro:

"O P.G. mandará a Zumárraga delegados do seu Comité Executivo para mostrar a sua adhesión firme aos irmáns de Vasconia e Catalunya contra os atropellos do centralismo." (87)

Mandaron telegramas de aderenza varios Fatos galeguistas: de Ferrol, de Vilagarcía de Arousa, do Barco de Valdeorras, de Pontevedra, de Barcelona e persoeiros particulares como Maximino Neira, de Santiago, José Carnero, de Santiago, e os ex-Diputados, Suárez Picallo e Otero Pedrayo (88). Castelao, tamén neste intre permanecía en silencio i en segundo plano.

En Novembro de 1934 Castelao é desterrado a Badaxoz polo Gobierno Lerroux, pasa por Madrid e ten unha audiencia con Salmerón e Giral "Para propiciar una actuación coordinada entre el P.G. e Izquierda Republicana" (89). Castelao voltaba a procura dun segundo fronte de ámbito estatal e republicano-autonomista. Pero o isolamento do desterro inutilizábano para o trafego distas xerencias.

Debicada a fel do desterro, torna Castelao a Galiza e no outono de 1935, desgalga a idea, xunto co esquerrista valenciano Marco Miranda (90), de crear un "fronte autonomista peninsular", integrado por partidos nacionalistas e autonomistas. Escríbeselle a Lluís Companys, preso no penal do Porto de Santa María, e ós nacionalistas vascos. Era un fronte aberto, tamén, á forzas

---

(83) EL DIA, 19-Julio-1934. Este xornal, emporiso, acobexaba nese mesmo día unha estesa entrevista con Enrique Peinador Liñes.

(84) A NOSA TERRA, 18 de Agosto de 1934.

(85) A NOSA TERRA, 25 de Agosto de 1934.

(86) EL DIA, 26-Agosto-1934.

(87) A NOSA TERRA, 1 de Setembro de 1934.

(88) EUZKADI i EL DIA, 4-Septiembre-1934.

(89) Castro, X., "Castelao en los años Treinta (andadura de un político "malgrélui)", da obra colectiva *Castelao*, Ministerio de Cultura, Madrid, 1986, p. 204. Paz Andrade, Valentín, *Castelao na luz e na sombra*, Edicións do Castro, Sada-A Coruña, 1982, pp. 344-345.

(90) Vilas Nogueira, X., *O Estatuto Galego*, Edicións do Rucero, A Coruña, 1975, p. 110.

autonomistas de Aragón e Valencia, que estaban dacordo, e, inclusive, ó Partido Federal de Izquierda Galega, sempre en boas relacións co P.G. (91). Mais as diverxencias debruzaron axiña: o P.G. respetaba os anxeios dos aragoneses e outros, máis asmaba que non debían empoleirarse na mesma categoría que os de Catalunya, Euskadi e Galicia (92). O P.G. parecía esixir que neste fronte ficase salvagarda a súa independencia orgaizativa e política (93). Derradeiramente, o P.G. percuraba outros roteiros aliancistas, como ocurría noutros países e rexións do Estado Español (94).

Mesmamente, neste últimos sendeiros adiados Castelao tentaba "la creación de un frente de fuerzas federales y autonomistas en todo el Estado, y taba estrecha amistad con Ossorio Tafall en el proceso de búsqueda de una alianza con Izquierda Republicana, con la cual acabará integrándose su partido en el conglomerado de organizaciones que forjan el Frente Popular". (95)

As eleccións do Frente Popular siñifican o éxito deste fronte e saen tres Diputados galeguistas, Castelao entre eles.

Neste biennio Castelao, aínda que nos intres máis entesos, mantíñase na penumbra, aferralloaba, con meirande intensidade, a estratexia federalista e antiunitarista, escomenzada en 1933 cun senso bipolar, e agora prosiguida nun abano tripolar. Efectivamente, perante 1934-35, os tentames aliancistas foron trifocais:

a) En febreiro de 1934 agarimaba a artellamento dun bloco interno galego de feitura republicano-autonomista, novedoso en relación co ano 1933.

b) En novembro de 1934 conversaba con dirixentes de Izquierda Republicana ca finalidade de moldar unha avenenza con esta forza política.

c) No outono de 1935 tentaba de rexurdir un Galeuzca, amprificado, que abranguese a partidos autonomistas.

d) Denantes das eleccións de febreiro de 1936 constituíase un fronte con Izquierda Republicana, que se integraría no conxunto das forzas compoñentes de Frente Popular.

En resume, Castelao tencioaba conquistar un triple fronte: republicano-autonomista en Galicia, galeuzcano-nacionalista autonomista na periferia e republicano-izquierdista-federalista no Estado.

## V. 1936-1937: Espranza e tristura

Elexido Diputado, Castelao renova nas Cortes as relacións co Nacionalismo Vasco. Para constituír grupo parlamentario os nacionalistas vascos

---

(91) Castro, X., *O Galeguismo na encrucillada...*, op. cit., pp. 650-651.

(92) Castro, X., *O Galeguismo na encrucillada...*, op. cit., p. 651.

(93) A NOSA TERRA, 17 de Agosto de 1935.

(94) Castro, X., *O Galeguismo na encrucillada...*, op. cit., p. 651.

(95) Castro, X., *Castelao en los años Treinta...*, op. cit., p. 206.

necesitaban un Diputado. O 16 de Marzal de 1936 propoñíanlle a Castelao a integración na Minoría Vasca e iste acetaba. Mais o acordo suscrito co Izquierda Republicana non o permitía e tivo que desdecirse. O se lugar ocupouno, Eduard Palet, Diputado da Esquerra Republicana de Catalunya (96).

En Abril Castelao pasará a ser membro da Comisión parlamentaria do Estatuto vasco, na que asimesmo estarán Tomás i Piera, como Vicepresidente, da Esquerra Republicana de Catalunya, José Antonio Aguirre, como Segretario, do P.N.V. e Marco Miranda, vocal de Esquerra Valenciana (97).

Entre Febreiro e Xullo de 1936 non alcontramos vestixios de promover unha entente galego-vasca-catalana, agás algún chamamento isolado protagonizado en Abril por Francisco del Riego, das Mocedades Galeguistas, que os líderes do P.G. non tomaron en conta (98). Por estas datas inclusive, como se percebe nunha carta a Bóveda non datada, mais escrita entre o 28 de Xuño e o 15 de Xullo, parece que hai certo arredamento entre Castelao e os vascos por mor da laboura de Prieto:

"Hoxe os vascos están máis espranzados e un pouco máis arredados de nos. Eu non me trabuco. Prieto anda anoxado e creo que xa se converteu en nemigo, por mal humor ou polo que sexa. Cicais por comenencia, porque o seu fondo instinto faille ver que cantos máis Estatutos se presenten máis amingoa a posibilidade de recabar ventaxas. Cicais o día que as rexións sexan autónomas non poida subsistir o concerto económico vasco. En fin, polo que sexa o conto é que Prieto non vai ser para nós nin a metade do que foi para os vascos e que o feito de que el chegue a xefe do Goberno siñifica un perigo que debemos preveer. Contamos cos cataláns e iso abonda." (99)

Certamente as relacións entre Castelao i os vascos, neste intre, semellan tesas, mais outramente, na mesma carta, unhas poucas liñas derriba aconsella que na presentación do texto estatutario galego (que se executaríase o 15 de Xullo de 1936) acoda, para prestixiar a cerimonia, unha representación da minoría vasca:

"A entrega non será tumultuosa. Abonda unha comisión con representacións de peso. Por exemplo: O xefe da minoría da Esquerra e o da minoría vasca". (100)

Se cadra, a vindira discusión nas Cortes do Estatuto Vasco ou do galego houbera suposto unha coxuntura xeitosa para a renacencia desa intelixencia galeúzcana. O estalo da guerra civil impuxo outras prioridades e necesidades máis urxentes, arrecantando os vieiros da normalidade e arredando ós galegos leais da súa Terra.

Contestes tódolos Diputados en aprobar o Estatuto Vasco o 1 e Outubro de 1936, Castelao e Suárez Picallo votano favorablemente tamén. Mais Castelao

---

(96) EL DIA i EUZKADI, 17-Marzo-1936.

(97) EUZKADI i EL DIA, 18-Abril-1936; Granja, J.L., *op. cit.*, p. 586.

(98) Del Riego, "Proeles. Crisis de Estado", A NOSA TERRA, 3 de Abril de 1936.

(99) Alvarez Gallego, Xerardo, *Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda*, Edicións Nós, Buenos Aires, 1972, pp. 133-134.

(100) Alvarez Gallego, X., *op. cit.*, p. 133.

non se desprazou a Gernika para estar presente na cerimonia de Constitución do Goberno Vasco, presidido por José Antonio Aguirre, 7 de outubro, como afirma Paz Andrade (101).

As miñas pescudas no xornal, "Euzkadi", con ricaz información encol do acto, non poideron achar a presenza de Castelao. Leizaola e Pedro de Basaldúa afiuzáronme que Castelao non estuvo presente en Gernika nesa memorable data (102). Ambos coñecían ó rianxeiro e o segundo, ademáis, intensificaría a amizade perante o contado persoal no exilio bonaerense.

Perante o ano 1937 Castelao vive dacabalo de Valencia e Barcelona. Nesta última cibdade intervén no Aberri Eguna o 27 de Marzal de 1937, festexado na Delegación Xeral de Euzkadi en Catalunya. Ademáis de Castelao, participaron: Fernando Lausín, das Xuventudes Vascas, Sr. Buadas, de "Actuación Valencianista de Izquierdas", Pau Romeva, de Unió Democrática de Catalunya e Joan Tauler, de Esquerra Republicana de Catalunya. Do parrafeo de Castelao a revista, EUZKADI EN CATALUNYA, descolaba:

"Pronunció una sentadísima adhesión al Pueblo Vasco, a su Gobierno y al Presidente Aguirre, para quien tuvo cordialísimas palabras de amistad sincera, e hizo fervientes votos por la prosperidad de Euzkadi libre, que no olvidará a su hermana Galicia, tan desgraciada en estos momentos, pero que indudablemente habrá de resurgir potente después de la victoria final contra la opresión fascista". (103)

No exilio bonaerense as relacións de Castelao co Nacionalismo Vasco serán moito máis fondas e afervoadas, pero o seu análise brinca o valo temático e cronolóxico dista comunicación.

## VI. Remate

Pra findar, unha síntese reasuntiva pode enfeitizarse con istes caracteres:

1º.- Moitos galeguistas tiveron relacións máis o menos estreitas co Nacionalismo Vasco, sobranceando niste senso Antón Lousada Diéguez, aínda que parece nidio que o galeguismo na táctica i estratexia tivo un meirande vencellamento e seguimento arremedante co Castelanismo. Emporiso Castelao, xuntamente con Risco, era secaia o nacionalista galego máis coñecido nos corros nacionalistas euskaldúns por mor dos seus dibuxos, do seu cárrego de Diputado, da defensa que como tal fixo do Estatuto Catalán en 1932, dos seus achegamentos ós deputados vascos na laboura parlamentaria, das crónicas de Risco no xornal EUZKADI que louaban decote ó rianxeiro e, dende 1933, do contato político cas forzas nacionalistas vascas. Diste xeito Castelao chegou a obter unha sabencia notabre sobre a problemática vasca como pode ollarse, desfroitando da lectura

---

(101) Paz Andrade, Valentín, *op. cit.*, pp. 373-374.

(102) Entrevistas con Leizaola, DONOSTIA, 18-Xullo-1982. Con Basaldúa, DONOSTIA, 7-Setembro-1982.

(103) EUZKADI EN CATALUNYA, Año II, nº 17, Barcelona, 3-Abril, 1937, pp. 1 e 4.

do: "Sempre en Galiza", ou do máis recente: "Castelao y los Vascos", Idatz-Ekintza, Bilbao, 1985, acompañado por Iñaki Anasagasti.

2º.- As relacións políticas de Castelao co Nacionalismo Vasco escomezan en Abril de 1933, participando nun mitin vasco-galego-catalán, artellado por Acción Nacionalista Vasca, forza nacionalista xoven, nada en Novembro de 1930, aconfesional, republicana, liberal, democrática, de tendencias socializantes e partidaria de alianzas con outras forzas políticas do Estado máis ou menos afíns, como demostra o Profesor Granja nun libro adoitado lembrado nesta comunicación. No vran de 1933, co gallo do viaxe triangular e o Galeuzca, as relacións ampríaranse á vella forza nacionalista do P.N.V. Co Catalanismo Castelao xa iniciara contatos na temperán data de 1923, que se intensificaron con fondura en 1932, co gallo da discusión parlamentaria do Estatuto Catalán e un homenaxe, celebrado en Barcelona no mes de xullo, ós dous deputados galeguistas: Castelao e Otero Pedrayo.

3º.- Estas relacións de Castelao co Nacionalismo Vasco (co catalán tamén) enxértanse na estratexia de frentes, de vagar máis férvedos, para agañotar ó centralismo e obrigar ao retorno do primixenio Federalismo do abrente da República. A estratexia de 1933 abranguíu un dobre fronte: nacionalista-galeuzcano e federalista-estatal. En 1934-1935 o fronte ampríase a un triple abano, configurando tres blocos: republicano-autonomista en Galiza, galeuzcano-nacionalista-autonomista na periferia e federalista-autonomista-filoizquierdista no Estado.

4º.- A variada coxuntura de 1936-37 acolle intres puntuais solidarios e contactuais entre Castelao e o Nacionalismo Vasco, mais non rexurdiu unha intelixencia vasco-galega-catalana. Cicais, a vindeira discusión parlamentaria dos Estatutos vasco ou galego houbera doado unha prateira para enxergar isa entende. A guerra civil impuxo outros mesteres, aínda que Castelao non esquecería ó apoio ó nacionalismo vasco, participando no Aberri Eguna de 1937 en Barcelona.

Sempre, momentos vivos, relembrorei o dia dom  
 de abril do ano 1973, parado entre bancos, catalães e galegos  
 para demonstrar que os votos anuais de liberdade non eran con  
 patibles co-a uniformidade; pero a <sup>co-a</sup> unidade ibérica, que é o  
 boño dos homes que miran o futuro. Sempre me lembrarei de  
 Casa da Galicia, onde atopei peitos irmãos do meus

Alfredo R. Castelas

Identificados Vasco, Catalanes, Aragoneses, ante el problema de  
liberacion de nuestros respectivos pueblos, sellamos con  
el arbol de hemisfera el pacto de mutua solidaridad que  
ha de traer nos la satisfaccion de aquel arbol

hemisfera 2 de Abril de 1933. *Vasco Catalanes Arbol*  
*Para suscribir de la fecha*  
*Sejós tan habin*

Viva Galicia este  
Alfonso R. Castela

*M. Luisa G. de Giral*

~~10 de Julio de 1933~~

Pedro Prado

L. Martin Echeverria

Anacleo Bionobas de Go

Ante el viejo arbol de Guernica, asocio las libertades vascas con  
las libertades republicanas  
Manuel Trava 10-11-33

El arbol de Guernica unida con viejas libertades vascas que quedan